



*Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña, relativa á celebración dun sorteo para dirimir o empate na lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle*

### *Antecedentes*

1. Mediante a resolución de 17.06.2020, esta xefatura territorial abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle (en diante, o plan de xestión).

2. O 10.11.2020 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista elaborada do procedemento de incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

3. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2021/53-1), estableceuse un número máximo de 38 embarcacións con 76 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2022-2024.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na entidade para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan de xestión foi de 35 embarcacións e 70 habilitacións.

4. O 27.04.2023 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se publicou a admisión da inscrición de novas embarcacións, a súa puntuación provisional e a actualización das puntuacións das embarcacións xa inscritas na lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión de percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle, outorgando un prazo de un prazo de quince (15) días para que as persoas interesadas presentaran alegacións ás puntuacións provisionais e, transcorrido o dito prazo, non se recibiu alegación ningunha.

5. Mediante a Resolución do 29.05.2023 desta xefatura territorial actualizouse a lista

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)





aberta, publicándose na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> o 30.05.2023, e continúa vixente na data desta comunicación (anexo I da resolución), agás para o indicado no punto 8.

6. O 22.08.2023 esta xefatura territorial ditou resolución adaptando o número máximo de participantes no plan de xestión de percebe da entidade, de tal xeito que o número máximo de participantes pasou de 38 embarcacións con 76 tripulantes habilitados con dereito a cota para o trienio 2022-2024 a 36 embarcacións con 76 habilitacións.

7. Mediante a Resolución do 24.08.2023, esta xefatura territorial convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe para 1 embarcación con 2 tripulantes habilitados con dereito a cota ao abeiro do plan de xestión que se resolveu o 23.10.2023 outorgándolle a modalidade de percebe á embarcación seleccionada.

8. A embarcación LILIANA CO-4 1763 que figura na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión cunha puntuación de 7,00 puntos, non participará neste sorteo nin na posterior oferta de cotas de captura por atoparse de baixa no Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, logo do traslado do seu permiso de explotación a unha nova embarcación que non se atopa incluída no plan de xestión.

9. Está xefatura territorial ten previsto ofertar as catro (4) cotas vacantes actualmente no plan de xestión. Porén, na lista aberta obsérvase un empate con 10,00 puntos entre tres (3) embarcacións, outro empate con 7,00 puntos entre dúas (2) embarcacións e outro entre cinco (5) embarcacións con 6,00 puntos. Xa que logo, é necesario desfacer estes empates para establecer a orde de prelación entre elas previamente á publicación da oferta das cotas dispoñibles.

A embarcación MARIMAR CO-4-1962 que figura na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión cunha puntuación de 6,00 puntos non ten posibilidade de ser beneficiaria para a presente oferta de cotas que está prevista por ter actualmente as máximas que permite o seu certificado de conformidade. Non obstante si participa no sorteo para establecer a orde de prelación que lle corresponda para, no seu caso, futuras ofertas.

10. O apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que:

“En caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación”.

En virtude de todo o anterior,

COMUNICO:





A celebración dun sorteo público presencial na sede da Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña para dirimir o empate xurdido entre embarcacións incluídas na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para o recurso específico percebe, modalidade dende a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle.

**Lugar da celebración:**

Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal nº 2, 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña

**Data:**

Martes 21 de novembro de 2023.

**Hora:**

11.30 h en primeira convocatoria e 12.00 h en segunda convocatoria

**Relación de embarcacións empatadas:**

| Embarcación          | Matrícula | Folio | Total puntos |
|----------------------|-----------|-------|--------------|
| CELIA G              | CO-4      | 6-04  | 10,00        |
| JOSE IGNACIO PRIMERO | CO-4      | 3-03  | 10,00        |
| PESCADORA            | CO-4      | 1582  | 10,00        |

| Embarcación  | Matrícula | Folio | Total puntos |
|--------------|-----------|-------|--------------|
| NUEVO ANAMAR | CO-4      | 9-05  | 7,00         |
| ROSAL        | CO-4      | 3-05  | 7,00         |

| Embarcación   | Matrícula | Folio | Total puntos |
|---------------|-----------|-------|--------------|
| A PERCEBEIRA  | CO-4      | 10-05 | 6,00         |
| AZOR UNO      | CO-4      | 1-98  | 6,00         |
| MARIMAR *     | CO-4      | 1962  | 6,00         |
| MARÍA ELENA   | CO-4      | 1782  | 6,00         |
| PLAYA DE AROU | CO-4      | 1398  | 6,00         |

\* Aínda que a embarcación MARIMAR CO-4-1962 non ten posibilidade de ser beneficiaria para a presente oferta de cotas que está prevista por ter actualmente as máximas que permite o seu certificado de





conformidade, si participa no sorteo para establecer a orde de prelación que lle corresponda para, no seu caso, futuras ofertas.

Posto que se trata dun sorteo público, pode acudir calquera persoa interesada.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Este anuncio tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e da confraría de pescadores de Camelle.

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das embarcacións e persoas aspirantes empatadas para continuar coa tramitación do proceso de selección.

A xefa territorial  
M<sup>a</sup> José Cancelo Baquero  
(sinatura dixital)

